



**ANPA ALBORADA**  
**ASOCIACION DE NAIS E PAIS**  
**COLEXIO ALBORADA**  
**AVDA. AEROPUERTO, 392 – VIGO**



## **II CONCURSO DE ENTROIDO ONLINE PARA SOCIOS DA ANPA ALBORADA. EDICIÓN 2022**

### **BASES:**

1. Poderá participar libremente todo o alumnado socio da ANPA Alborada e establécense **tres** categorías de participación:

#### **1º CATEGORÍA INDIVIDUAL:**

- Poderán participar nesta categoría os alumnos de E. Infantil e E. Primaria socios da ANPA, enviando unha foto individual.
- Cada alumno só poderá enviar unha foto dentro desta categoría, pero poderá participar tamén na categoría familiar.

#### **2º CATEGORÍA FAMILIAR:**

- Poderán participar nesta categoría os alumnos de E. Infantil e E. Primaria socios da ANPA, enviando unha foto familiar.
- Na foto deberán aparecer o neno acompañado, polo menos, dun adulto da familia (pai, nai, avó, avoa, irmán ou irmá). Tódolos integrantes deberán estar disfrazados.
- Cada alumno só poderá enviar unha foto dentro desta categoría, pero poderá participar tamén na categoría individual.

#### **3º CATEGORÍA GRUPAL:**

- Poderá participar nesta categoría o alumnado da ESO socio da ANPA.
- Ao tratarse dunha categoría grupal, deberá estar composta por un mínimo de dous alumnos/as. Tódolos integrantes da foto deberán ser alumnos/as da ESO do centro e socios da ANPA.
- Cada alumno só poderá participar nunha foto dentro desta categoría.

2. En tódolos casos, a fotografía farase na casa ou na rúa, pero sempre fóra do colexio. As fotos serán publicadas en redes sociais e ocultaremos o rostro no caso de que sexa identificable.
3. As fotos deberanse enviar ao correo electrónico [anpacolegioalborada@gmail.com](mailto:anpacolegioalborada@gmail.com), indicando o nome e dous apelidos do alumno/a ou alumnos participantes e o curso ao que pertencen.
4. O prazo de presentación das fotografías será **entre o 21 de Febreiro ao 3 de Marzo**, ambos inclusive.
5. As fotografías que non cumpran os requisitos mencionados nos puntos anteriores serán rexeitadas polo xurado e non participarán no concurso.
6. Unha vez finalizado o prazo de presentación das fotografías, unha persoa da Xunta Directiva da Administración da Anpa elaborará unha lista anónima de participantes nunha orde aleatoria para que non se poida identificar a cada neno e remitirá as propostas ao xurado.
7. O xurado estará composto pola parte da Xunta Directiva da ANPA que non teña fillos neses cursos ou participantes nesa categoría.
8. O proceso de deliberación do xurado terá lugar o 11 de Marzo.
9. **Premios:** o xurado premiará os disfraces máis orixinais e divertidos, valorando a orixinalidade en relación á idade do participante.
  - Dentro de la categoría individual, concederáse **un premio por cada un dos cursos** de E. Infantil e E. Primaria o que haxa alumnado participante.
  - Na categoría familiar concederáse **un único premio** para a familia gañadora.
  - Na categoría grupal (alumnado da ESO) concederáse **un único premio** para o conxunto gañador.
10. O fallo do concurso terá lugar o 14 de Marzo de 2022 e publicarase na páxina de Facebook, no perfil de Instagram da ANPA e na páxina web da escola. Os premios entregaranse aos gañadores por mensaxería, entre o 14 e o 20 de Marzo de 2022.
11. A información destas bases entregarase ao Colexio Alborada para o seu coñecemento e difusión entre os alumnos mencionados no punto 1. Así mesmo, amosaranse, para xeral coñecemento, na páxina de Facebook, no perfil de Instagram da ANPA e no Páxina web do Colexio Alborada. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

En Vigo, a 10 de febreiro de 2022.

ANPA ALBORADA